

**Asunto: Autorización da operación Atención á diversidade e garantía da equidade educativa. Curso 23-24, cofinaciada nun 60% polo Programa FSE+ Galicia 21-27.**

O 9 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou, por decisión de ejecución, o Programa FSE+ Galicia 21-27. Dentro do Obxectivo Político 4. Unha Europa máis social, Prioridade 3. Educación e formación, o Programa inclúe a Medida 3.F.02. Programas de diversificación curricular, de atención á diversidade e garantía de equidade educativa, na que se desenvolverán actuacións dirixidas a manter e mellorar os indicadores de calidade e inclusión que promovan a igualdade de acceso, permanencia e éxito no sistema educativo.

Con data 29 de abril de 2024 a Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa solicitou a autorización da operación Atención á diversidade e garantía da equidade educativa Curso 23-24, para o cofinanciamento do 60% polo Programa FSE+ Galicia 21-27 dos custos de persoal na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a través da intervención de docentes especialistas en Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL). A operación foi autorizada pola Dirección xeral de Cohesión e Fondos Europeos o 06 de xuño de 2024.

De acordo co anterior, os custos de persoal dos docentes das especialidades de Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) serán cofinanciados nun 60% polo Programa FSE+ Galicia 21-27 o que comporta a **obriga de cumplir cos requisitos esixidos pola normativa de aplicación do FSE+**, en particular, as derivadas do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (DOUE 30.06.2021 L 231); e do Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. 1296/2013 (DOUE 30.06.2021 L 231).



## Información e publicidade

Os centros deberán cumplir coas obrigas en materia de comunicación e publicidade establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

De forma específica nesta operación:

Informar, deixando constancia material, ao profesorado participante sobre o cofinanciamento polo FSE+ da atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a través da intervención de docentes especialistas en Pedagoxía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaaxe (AL) durante o curso académico 23-24.

Poñer no taboleiro de anuncios do centro educativo e na súa páxina web, se a tiver, o cartel anunciando a axuda do FSE+ segundo o modelo que se enviará aos centros.

Na documentación e nos materiais de comunicación relacionados coa execución destes programas destinados ao público e aos participantes, incluirase unha mención que destaque a axuda da Unión de maneira visible. Tamén se recomenda incluír a referencia ao Programa FSE+ Galicia 21-27.

## Indicadores

Os centros deberán cumplir coas obrigas en materia de indicadores establecidas no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 e no Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021. En particular, deberá recollerse información sobre os participantes e os indicadores de realización e de resultados establecidos no anexo I do Regulamento (UE) 2021/1057.

Todos os datos dos participantes deberán ser gardados e almacenados en soporte informático (aplicación Participa 21-27) polo que será necesario designar a un responsable da recollida desta información no centro. Entenderase por participante toda persoa física que se beneficia directamente da operación (no noso caso, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo). Os datos deberán recollerse para a totalidade dos participantes e de forma íntegra, de acordo coas instrucións que se remitirán aos centros.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

